



INSTRUCCIÓN CONXUNTA DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE E DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE SOBRE A XESTIÓN DE MATRÍCULA DIRECTA NOS MÁSTERES CON PRAZAS VACANTES DESPOIS DO DERRADEIRO PRAZO DE MATRÍCULA PARA O CURSO ACADÉMICO 2023/2024

Unha vez rematados os prazos de preinscrición e matrícula para másteres universitarios oficiais da UDC, as persoas que reúnan os requisitos académicos esixidos poderán matricularse naqueles títulos nos que quedaran prazas vacantes e cuxas listaxes de agarda estiveran esgotadas, seguindo o procedemento que se establece a continuación.

1. O/a interesado/a deberá contactar coa persoa encargada da coordinación do máster a través dun correo electrónico, solicitando a súa admisión.
2. O/a coordinador/a do máster encargarse de dar, de ser o caso, o visto e prace ás solicitudes recibidas, respectando a súa orde de entrada até cubrir as prazas vacantes, e de reenviar o correo electrónico do solicitante á Sección de Admisión de Máster (acceso.master@udc.gal).
3. A Sección pedirá ao/á interesado/a a documentación necesaria para realizar o rexistro da solicitude na aplicación SIGMA e validala, se cumpre os requisitos de acceso.
4. Unha vez validada a solicitude, comunicaráselle á persoa encargada da coordinación para que lle dea a admisión. A continuación a administración do centro de adscrición do máster daralle o traspaso a matrícula e unha citación para a súa realización por autoservizo.

A Coruña, asinado na data da sinatura dixital

A Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Nancy Vázquez Veiga

A Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade

María José Lombardía Cortiña

Código Seguro De Verificación	Aqggb4i7CTeLLCpCXCOe/g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	04/10/2023 14:46:11
	Vicerr. de Estudantes, Participación e Empregabilidade - María José Lombardía Cortiña	Asinado	04/10/2023 14:33:38
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Aqggb4i7CTeLLCpCXCOe/g==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

